


Iniciación á

lectura



C.E.I.P. Sada e contornos



Biblioteca escolar



Seminario permanente
de animación á lectura
C.E.I.P. Sada e contornos.
Curso 1999-2000

C.E.I.P. Sada e contornos
Curso 1999 - 2000

Pautas para axudar ós nosos nenos e nenas na lectura

Igual que aprendemos a falar, falando; apréndese a ler, lendo. Neste senso é preciso crear un ambiente que estimule a lectura, atribuindo sentido ás palabras, facendo da lectura un placer e unha necesidade.

¿Como axudar ós nosos fillos e fillas a descubri-lo mundo do escrito?

Lendo todo tipo de escritos:

-Receitas de cociña.

-A lista da compra.

-Receitas do veterinario ou do médico. Que sepa cando ten que tomar un medicamento.

-Programas de televisión. Explicar como sabemos escoller o noso programa favorito.

-No calendario: como mirar os santos e as datas. Escribir unha felicitación para un familiar ou amigo.

-Cando vaian no coche: le-los indicadores dos pobos, os quilómetros que faltan para chegar, as matrículas dos coches que cruzamos, ...

-Nas tendas ou grandes almacéns: ler carteis, rótulos, distintas seccións, ...



-Se vamos no autobús: le-lo percorrido que fai, as paradas ...

-Ante calquera pregunta, respostar que sempre hai un escrito que nos da a solución.

Facer sentir ós nenos e nenas a utilidade da lectura:

-Procurar leva-los ás bibliotecas.

-Se está suscrito a algunha revista ou periódico que sea a nome do neno ou nena.

-Desterrar, ante preguntas, repostas como: "Xa o saberás cando aprendas a ler". Nós somos o contacto do neno coa escritura mentres el non se vale por si mesmo.

-Faga co neno ou nena os seus propios libros: con recortes de revistas, fotografías, debuxos, propaganda, ...

-Sempre que poida fale co neno dos debuxos que fai, póñalle o nome as cousas que fai. Aínda que lle parezan garabatos, para el teñen sentido.

Debemos anima-los a que escriban e lean (a súa maneira), evitando contestacións como: ¡así non é!, ifaino ben! Os nenos e nenas cando están aprendendo a falar cometén errores, fan ensaios, e a nós parécenos gracioso, non lle reñemos se o di mal, correxímolo. De igual maneira temos que facer coa lectura e escritura, correxindo pero sen bloquea-lo neno dicíndolle que o fai mal.

